

1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

INSTRUCCIÓN:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Común" entre os números C1 e C12, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

EXAME EN GALEGO

1. Que artigo da Constitución Española reconece o dereito á protección da saúde?

- A) O artigo 42.
- B) O artigo 43.
- C) O artigo 32.
- D) O artigo 34.

2. O artigo 72 da Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde regula como falta disciplinaria moi grave:

- A) O notorio incumprimento das súas funcións ou das normas reguladoras do funcionamento dos servizos.
- B) O abuso de autoridade no exercicio das súas funcións.
- C) A grave desconsideración cos superiores, compañeiros, subordinados ou usuarios.
- D) O acoso sexual, cando o suxeito activo do acoso cree coa súa conduta unha contorna laboral intimidatoria, hostil ou humillante para a persoa que é obxecto do mesmo.

3. Sinale a resposta correcta. Segundo o artigo 16 da Constitución Española:

- A) Garántese a liberdade ideolóxica, relixiosa e de culto dos individuos e as comunidades, sen máis limitación, nas súas manifestacións, que a necesaria para o mantemento da orde pública protexida pola lei.
- B) Garántese a liberdade ideolóxica, relixiosa e de culto de toda persoa, sen máis limitación, nas súas manifestacións, que a necesaria para o mantemento da orde pública protexida pola lei.
- C) Garántese a liberdade ideolóxica, relixiosa e de culto de todos os cidadáns, sen máis limitación, nas súas manifestacións, que a necesaria para o mantemento da orde pública protexida pola lei.
- D) Garántese a liberdade ideolóxica, relixiosa e de culto dos españois, sen máis limitación, nas súas manifestacións, que a necesaria para o mantemento da orde pública protexida pola lei.

4. Sinale a resposta correcta. O artigo 5 do Estatuto de Autonomía de Galicia establece que:

- A) Os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e todos teñen o dereito de coñecelos e usalos.
- B) Os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e todos teñen o deber de coñecelos e usalos.
- C) Os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e todos teñen a obriga de coñecelos e usalos.
- D) Os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e todos teñen o deber de coñecelos e o dereito de usalos.

5. O artigo 2 do Estatuto de Autonomía de Galicia establece que a organización territorial propia de Galicia regularase por:

- A) Unha Lei do Parlamento de Galicia.
- B) Unha Lei da Xunta de Galicia.
- C) Un Decreto da Xunta de Galicia.
- D) Un Decreto do Parlamento de Galicia.

6. O artigo 78 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, establece en relación co Consello Asesor do Sistema Público de Saúde de Galicia:

- A) O Consello Asesor do Sistema Público de Saúde de Galicia é o órgano colexiado superior de consulta e asesoramento da Consellería de Sanidade.
- B) O Consello Asesor do Sistema Público de Saúde de Galicia estará integrado na maior parte por profesionais do mesmo. A composición, no seu caso, e as normas xerais de organización e funcionamento do consello determinaranse por orde do Consello da Xunta.
- C) O nomeamento das persoas que formen parte do Consello Asesor do Sistema Público de Saúde de Galicia será, en todo caso, a título individual, procurándose unha composición paritaria de mulleres e homes.
- D) As respostas A e B son correctas.

7. Segundo o establecido no artigo 6 da Lei 14/1986, do 25 de abril, Xeral de Sanidade, as actuacións das Administracións Públicas Sanitarias estarán orientadas:

- A) A promover o interese colectivo pola saúde mediante a adecuada educación sanitaria da poboación.
- B) A garantir a asistencia sanitaria na maioría dos casos de perda da saúde.
- C) A garantir que cantas accións sanitarias se desenvolvan estean dirixidas á prevención das enfermidades e non só á curación das mesmas.
- D) As Administracións públicas sanitarias asegurarán a integración do principio de non discriminación por razón de sexo, garantindo o igual dereito de mulleres e homes á saúde.

8. Segundo o establecido no artigo 6 da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, o consentimento do afectado para o tratamento dos seus datos persoais debe prestarse, de conformidade co disposto no artigo 4.11 do Regulamento (UE) 2016/679,

- A) Mediante a inacción.
- B) De forma presunta.
- C) Mediante unha declaración ou unha clara acción negativa.
- D) Mediante unha declaración ou unha clara acción afirmativa.

9. A Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero prevé a creación dun órgano colexiado e institucional de Galicia, encargado do estudo, avaliación e seguimento das políticas contra a violencia de xénero que se desenvolvan en Galicia. Cal é este órgano?

- A) A Comisión Interdepartamental da Igualdade.
- B) O Servizo Galego para a Promoción do Home e da Muller.
- C) O Consello Galego das Mulleres.
- D) O Observatorio Galego da Violencia de Xénero.

10. Sinala a resposta correcta. O artigo 8 do Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde establece en relación á reserva de prazas para persoas con discapacidade que:

- A) En cada convocatoria reservarase un número de prazas que represente o cinco por cento das prazas convocadas.
- B) Serán cubertas entre persoas con discapacidade de grao igual ou superior ao trinta e tres por cento.
- C) A reserva farase efectiva naquelas convocatorias que oferten un mínimo de quince prazas da correspondente categoría ou especialidade.
- D) As respostas B e C son correctas.

1. O artigo 75 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, establece que corresponden ao Consello da Xunta de Galicia:

- A) A aprobación das directrices de política sanitaria da Xunta de Galicia.
- B) A definición e establecemento dos obxectivos relativos aos dereitos da cidadanía e a súa comunicación e garantía.
- C) A planificación da ordenación territorial do Sistema Público de Saúde de Galicia.
- D) As respostas A e B son correctas.

2. Sinale a resposta correcta. O artigo 20 da Lei 3/2001, do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes, establece que:

- A) A historia clínica deberá conservarse en todo caso no soporte orixinal no que se creou, coas cautelas que se establezan regulamentariamente para evitar a manipulación de datos.
- B) Conservarase ata que transcorran dez anos desde a última asistencia prestada ao paciente ou desde o seu falecemento.
- C) Conservaranse indefinidamente a folla de evolución e de planificación de coidados de enfermaría, entre outros.
- D) Debe ser destruída transcorridos cinco anos desde o falecemento do paciente.